

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE 208/2021. CONTRATO DE OBRAS DE “MANTEMENTO E MELLORA DO CAMIÑO CABANAS SAN XULIAN”, (SUBVENCIONADAS AO ABEIRO DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2021-2022)

Vista a Resolución da Alcaldía de data 26-02-2021 onde se aproba o proxecto denominado Proxecto de mantemento e mellora do camiño de Cabanas a San Xulian redactado por o Enxeñeiro de Camiños D. José Enrique Cacicedo Herrero colexiado nº8905, do que o importe total ascende á cantidade de 45.481,00 euros (máis I.V.E.).

Vista a Resolución de concesión de axuda para o proxecto “MANTEMENTO E MELLORA DO CAMIÑO CABANAS SAN XULIAN”, (subvencionadas ao abeiro do Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022), actuación incardinable nun contrato administrativo de obras, segundo o previsto no artigo 13, en relación co Anexo I da devandita norma.

Á vista das características do contrato que se pretende adjudicar:

1. PROXECTO	MANTEMENTO E MELLORA DE DO CAMIÑO CABANAS SAN XULIAN EXPEDIENTE 208/2021	
2. CODIFICACIÓN	Vocabulario común de contratos (CPV)	45233222-1
3. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	A.-Obras bianuais Base imponible 45.481,00 € Importe IVE: 9.551,01 € Total 55.032,01 € Anualidade 2021 Base imponible 22.740,50 € Importe IVE: 4.775,51 € Total 27.516,01 € Anualidade 2022 Base imponible 22.740,50 €	55.032,01 € (IVE ENGADIDO)



	<p>Importe IVE: 4.775,50 €</p> <p>Total 27.516,00 €</p>
4. VALOR ESTIMADO	Base imponible: 55.032,01 €
4.BIS. REGULACIÓN HARMONIZADA	x contrato non suxeito a regulación harmonizada
5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA	454.61900
6. PRAZO DE EXECUCIÓN	<p>0,5 MESES</p> <p>A execución das obras deberá dividirse en dous períodos descontínuos. O adxudicatario deberá achegar no momento da sinatura do contrato un Programa de Execución das obras definindo as datas de inicio e prazos de execución para cada anualidade.</p> <p>O cómputo do prazo iníciase desde o día seguinte ó da data de sinatura da acta de comprobación do replanteo, se a Administración autoriza o inicio da obra. En todo caso, as obras correspondentes ó presente exercicio, deberán estar rematadas antes do 10 de setembro de 2021 e as obras correspondentes ó exercicio 2022, antes do 10 de xuño de 2022.</p> <p>O contratista poderá desenrolar os traballos con maior celeridade que a necesaria para efectuar as obras no prazo contractual, salvo que, a xuízo da dirección facultativa, existisen razóns para estimalo inconveniente, estándose ó disposto no artigo 96 do RGLCAP.</p> <p>En todo caso, as obras executadas no exercicio 2021 por riba do 50% do prezo do contrato, non serán obxecto de certificación ata o 02/01/2022.</p> <p>Cando a oferta que formule o adxudicatario inclúa unha redución do prazo de execución do contrato, entenderase que a duración será a que conteña a oferta aprobada. Neste caso, o contratista estará obrigado a presentar un Programa de Traballo no prazo máximo de dez días, contados desde a formalización do contrato.</p> <p>Transcorridos quince (15) días desde a presentación do Programa sen que o Concello teña notificada ó contratista a existencia de obxeccións ó seu contido nin resolvera expresamente sobre a súa aprobación, o contratista poderá entender o Programa aprobado.</p> <p>NON SE FIXA REDUCIÓN DE PRAZO COMO CRITERIO DE VALORACIÓN:</p>



	<p>x aplicable no presente prego</p> <p><input type="checkbox"/> non aplicable</p>						
7. CLASIFICACIÓN ESIXIDA	X Non se esixe						
8. CLASIFICACIÓN PARA EFECTOS DE ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA.	<table> <thead> <tr> <th>Grupo</th> <th>subgrupo</th> <th>categoría</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>G</td> <td>6</td> <td>1</td> </tr> </tbody> </table>	Grupo	subgrupo	categoría	G	6	1
Grupo	subgrupo	categoría					
G	6	1					
9. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	<p>Con carácter exclusivo e excluínte:</p> <p>A) <input checked="" type="checkbox"/> Plataforma de contratación do sector público https://contrataciondelestado.es</p> <p>B) <input type="checkbox"/> Plataforma de contratos públicos de Galicia</p>						
10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN	<p>x A) Tramitación ordinaria: 10 días hábiles</p> <p>(Cláusula 11)</p>						
11. DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTRATACION	NON SE ESIXE						
12. PORCENTAXE DE SUBCONTRATACION	Non se establece						
13.CONDICIÓN DE EXECUCIÓN.	x Cláusula 27 do PCAP						
14. PERFIL DE CONTRATANTE	3 Enderezo páxina web: www.concellodeportomarin.es						
15. GARANTÍA DEFINITIVA	Non se esixe, art. 159.6 LCSP						
16. TAXAS DO CONTRATO	Sí se exigen						
17. REVISIÓN DE PREZOS	A) Obras anuais e plurianuais con prazo inferior a dous anos: NON PROCEDE						
18. CONTROL DE CALIDADE	Os gastos asúmeos a administración						
19. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE	<p>NON SE ESIXE.</p> <p>Non obstante a administración coa fin de garantir unha maior</p>						



LICITACIÓN POR CONTA DO CONTRATISTA	información ás empresas poderá publicar anuncios en medios de comunicación, correndo, de ser o caso, a administración cos gastos.
--	---

Á vista das características e do importe do contrato óptase pola adxudicación mediante procedemento aberto supersimplificado.

Celebrada a apertura dos sobres presentados donde se procede a comprobar que as ofertas presentadas cumpren cos requisitos formais do Prego no que respecta á forma de presentación e ao prazo de presentación resultando as seguintes:

- CHOLO S.L.*
- FEVISA VÍAS Y OBRAS S.L.*
- T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO S.L.*
- *GRUPO BASCUAS 2008, S.L.*
- OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA S.L.*
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U.*
- OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS S.L.U.*
- CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ S.L.*
- EXPLORACIONES GALLEGAS S.L.*
- FEVISA VÍAS Y OBRAS S.L.*

Realizada a apertura e valoración dos criterios reflexados nos PCAP procédese á clasificación por orde decrecente

ORDE	LICITADORES	TOTAL
1º	<i>CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U.</i>	79,45
2º	<i>CHOLO S.L.</i>	76,90
3º	<i>CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ S.L.</i>	76,45
4º	<i>OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS S.L.U.</i>	60,01
5º	<i>GRUPO BASCUAS 2008, S.L.</i>	56,93
6º	<i>FEVISA VÍAS Y OBRAS S.L.</i>	56,23
7º	<i>OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA S.L.</i>	53,81
8º	<i>T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO S.L.</i>	46,67

En base ao anterior o órgano de asistencia acorda requerir á empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U. por ser a que obtivo a mellor puntuación para que presente os documentos acreditativos que se esixen na cláusula 16.

Con data 29-06-2021 CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U. presenta a documentación requerida a través da Plataforma de Contratación do Sector Público durante o prazo concedido ao efecto.

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido



na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, esta Alcaldía, no uso das facultades que lle confire a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e disposicións concordantes, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en virtude do artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, por razóns de urxencia da necesidade de adoptar o acto administrativo. Da presente avocación darase traslado á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se celebre.

SEGUNDO.- Aceptar as ofertas presentadas polas seguintes empresas á vista da documentación presentada e do informe técnico emitido:

- CHOLO S.L.*
- FEVISA VÍAS Y OBRAS S.L.*
- T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO S.L.*
- *GRUPO BASCUAS 2008, S.L.*
- OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA S.L.*
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U.*
- OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS S.L.U.*
- CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ S.L.*
- EXPLORACIONES GALLEGAS S.L.*
- FEVISA VÍAS Y OBRAS S.L.*

TERCEIRO.- Segundo o proposto, adjudicar o contrato de obra Proxecto de mantemento e mellora do camiño de Cabanas a San Xulian, nas condicións que figuran na súa oferta e as que se detallan no proxecto redactado polo Enxeñeiro D.José Enrique Cacicero Herrero, así como nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas a CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U. por o prezo de 45.043,70 euros IVE incluído por resultar a proposición máis vantaxosa para a Administración.

A execución das obras deberá dividirse en dous períodos descontínuos. O adjudicatario deberá achegar no momento da sinatura do contrato un Programa de Execución das obras definindo as datas de inicio e prazos de execución para cada anualidade.

O cómputo do prazo iníciase desde o día seguinte ó da data de sinatura da acta de comprobación do replanteo, se a Administración autoriza o inicio da obra. En todo caso, as obras correspondentes ó presente exercicio, deberán estar rematadas antes do 10 de setembro de 2021 e as obras correspondentes ó exercicio 2022, antes do 10 de xuño de 2022.

O contratista poderá desenrolar os traballos con maior celeridade que a necesaria para efectuar as obras no prazo contractual, salvo que, a xuízo da dirección facultativa, existisen razóns para estimalo inconveniente, estándose ó disposto no artigo 96 do RGLCAP.

En todo caso, as obras executadas no exercicio 2021 por riba do 50% do prezo do contrato, non serán obxecto de certificación ata o 02/01/2022.



Cando a oferta que formule o adxudicatario inclúa unha redución do prazo de execución do contrato, entenderase que a duración será a que conteña a oferta aprobada. Neste caso, o contratista estará obrigado a presentar un Programa de Traballo no prazo máximo de dez días, contados desde a formalización do contrato.

Transcorridos quince (15) días desde a presentación do Programa sen que o Concello teña notificada ó contratista a existencia de obxeccións ó seu contido nin resolvera expresamente sobre a súa aprobación, o contratista poderá entender o Programa aprobado.

CUARTO.- Dispor o gasto correspondente de conformidade co establecido no Informe de Intervención.

Exercicio	Aplicación orzamentaria	Importe
2021	454. 619	27.516,01 €

QUINTO.- Publicar anuncio de adxudicación no perfil de contratante no prazo de 15 días.

SEXTO.- Designar como Director Facultativo da obra conforme co disposto nos artigos 237 a 246 da LCSP ao Inxeniero D.José Enrique Cacicero Herrero.

SETIMO.- Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios.

OITAVO.- Notificar a CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U.adxudicataria do contrato o presente acordo e citalo para a sinatura do contrato, que terá lugar no prazo máximo de 15 días dende a recepción da notificación.

NOVENO. Publicar anuncio de formalización do contrato no Perfil de contratante en prazo non superior a quince días tras a perfección do contrato e co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

DÉCIMO. Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

O manda e asina o Alcalde-Presidente, na data indicada á marxe do que eu como Secretaria municipal, dou fe.

Asinado electronicamente a marxe do documento

O ALCALDE

Asdo. Juan Carlos Serrano López.

